



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional Manuel Quiroga

Avenida JUAN CARLOS I 4 Pontevedra
CP 36004 Pontevedra
Tfno. 886151545, Fax 886151552
cmus.pontevedra@edu.xunta.es

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación Historia da Música.

4º e 5º de Grao Profesional.

Curso 2018-2019ⁱ

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1

Departamento de Fundamentos de composición



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

1 de 53

Modelo: MD85PRO01 Programación. 01/09/2017

Sumario

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos das ensinanzas.....	3
2.1 Obxectivos xerais do grao profesional.....	3
2.2 Obxectivos específicos do grao profesional.....	4
3. Obxectivos específicos da materia.....	5
3.1 Grao profesional.....	5
4. Metodoloxía.....	6
6. Temas transversais.....	8
6.1 Educación en valores.....	9
6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	11
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	12
8. Secuenciación do curso.....	12
8.1 Obxectivos.....	12
8.2 Contidos.....	13
8.3 Avaliación.....	42
8.4 Medidas de recuperación.....	47
8.5 Recursos didácticos.....	48
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. .	50
10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	51

1. Introducción

Horario lectivo: 2 horas semanais cada curso.

A materia de “*Historia da Música*” integrada nos cursos 4º e 5º do Grado Profesional ten como finalidade principal introducir ao alumnado no descubrimento da existencia dun extenso abanico de estilos e de diferentes modos de concebir a creación musical. Deste xeito resultaralles máis sinxelo abordar outras materias, como “*Análise*” e “*Harmonía*”, e ampliar a súa comprensión.

Así mesmo, permite aproximar ao alumnado unha visión do feito musical como fenómeno histórico, cultural e estético, ampliando a perspectiva que só entende a música desde o punto de vista do dominio técnico.

A finalidade da materia de Historia da Música, igual que o resto das ensinanzas profesionais de música, é dobre:

- Ten a función de afianzamento e a ampliación de coñecementos teóricos;
- Organízase en 4 funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A programación didáctica debe aplicarse seguindo os parámetros estipulados no currículo oficial galego. Este é o *Decreto 203/2007 do 27 de setembro*, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

2. Obxectivos das ensinanzas

2.1 Obxectivos xerais do grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.



c) Analizar e valorar a calidade da música.

d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1o, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

2.2 Obxectivos específicos do grao profesional

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como



responsable do conxunto.

- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

3. Obxectivos específicos da materia

3.1 Grao profesional

A ensinanza da historia da música no grao profesional debe ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes na súa contorna, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
2. Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas (dende a Antiquidade ata a actualidade), coa fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.





3. Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
4. Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.
5. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conducta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

4. Metodoloxía

Dada a carga de contidos desta materia, tratarase de fomentar unha aprendizaxe significativa e construtiva que permita aos alumnos, por unha banda, entender os conceptos básicos e por outro, aplicar os coñecementos aprendidos á análise auditivo dunha obra. Por iso evitarase a simple exposición de contidos por parte do profesor, favorecendo que os alumnos aprendan todo o necesario durante as diferentes sesións. Para iso aplicarase unha metodoloxía de aprendizaxe activa, na que se incluírá:

- Lectura da bibliografía complementaria (ver Recursos).
- Realización das actividades de aula de carácter complementario, de cada unidade didáctica.
- escoita de audicións propostas, e análises das mesmas.
- Realización de comentarios sobre fragmentos de textos de estética da música.
- Realización de cuestionarios, esquemas ou mapas conceptuais na clase.
- Pequenas exposicións por parte dos alumnos.
- Debates.
- Visionado de vídeos ou fragmentos de películas, ballets, óperas, etc. sobre os

contidos da materia.

- Realización de procura en bibliografía básica.

5. Atención á diversidade

Considerase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Os alumnos que acceden a un conservatorio presenan diferenzas individuais e non todas elas aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar os alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada unha e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.



6. Temas transversais

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores.

Debe ser o suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural e en permanente cambio. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das materias, atrávesano ou o impregnan.

- A comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.
- A educación en valores.
- A capacidade de xuízo crítico.
- O traballo en equipo.

Esta materia permite establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se aprende nas aulas establecendo as canles necesarias para estimular no alumnado o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica, chegando a un grao de autonomía tal que posibilite a participación activa e informada en diferentes actividades vinculadas con a audición, a interpretación e a creación musical.

Por tanto, o papel de a música é esencial para a consecución dos obxectivos da etapa na que se atopan os alumnos que cursan esta materia.

- Proporciona ao alumno o desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva, de audición activa e de memoria comprensiva da música, tanto durante o desenvolvemento de actividades de interpretación e creación musical como na audición de obras musicais en vivo ou gravadas.
- Contribúe ao desenvolvemento de todas aquelas capacidades vinculadas coa interpretación e a creación musical.
- Permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a



improvisación e composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación creatividade.

- Fai posible a profundización e a ampliación de conocimientos, que son fonte de enriquecemento cultural e artístico.

O obxectivo básico será así contribuir á formación integral dos alumnos a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica e ao afianzamento dunha postura aberta e reflexiva ante a creación e a difusión da música na nosa sociedade. Desta forma, podemos afirmar que a materia desenvolve un labor fundamental para a evolución dunha personalidade equilibrada que integra a formación de capacidades do seguinte tipo:

- Capacidades cognitivas: impulsa o desenvolvemento do pensamento formal abstracto porque fai posible a estruturación mental e a representación do mundo artístico musical e a súa relación con distintas épocas, outras manifestacións artísticas e outros linguaxes.
- Capacidades socioafectivas: configura un vehículo de comunicación fundamental. Achega procedementos esenciais para a análise crítica e a valoración de obras de distintos autores e épocas. Enriquece o mundo cultural dos alumnos, favorece o traballo en grupo e o desenvolvemento de actitudes de respecto e tolerancia.
- Capacidades estéticas e creativas: facilita a expresión, de forma orixinal, das súas propias ideas. Permite disfrutar de a audición de obras musicais como forma de comunicación, como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal.

6.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto hacia os demais e hacia o entorno. Neste sentido, a lei educativa actual plantexa a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sin adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes



no currículo para alcanzar a formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concréntanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.

A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.

A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS: no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinación histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais deste Proxecto non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e apreciarlos.

EDUCACIÓN AMBIENTAL: é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito,



fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.

Ademais dos valores citados, valores de carácter persoal e interpersonal- social tales como creatividade, independencia, integridade, tolerancia, produtividade, participación, paixón, empatía, disciplina, cumprimento, convivencia, apoio, autenticidade, colaboración e compañeirismo, comprensión, comunicación, confianza, constancia, cooperación, flexibilidade).

6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A web do centro constitúe un punto de referencia centralizada onde se aloxa aquela información de utilidade para toda a comunidade escolar, ademais de desempeñar certo labor de promoción do centro e das actividades que se organizan (reforzándose neste caso coas redes sociais coma Facebook e Twitter, Whatsapp...). De vital importancia e a utilización da plataforma informática de xestión dos conservatorios CENTROS NET. Preténdese ir potenciando o uso da área do profesorado, así como da área do alumnado, onde estará dispoñible a programación didáctica e diferentes materiais relacionados coa materia: exercicios, contidos teóricos, enlaces a diferentes webs de recursos específicos, youtube, etc.

Na medida do posible utilizaranse diferentes recursos Offline: Software educativos, CD-ROMs Interactivos, Presentaciones (Slideshare, Prezzi; PowerPoint), sempre que realmente faciliten a asimilación do contido ou respondan a unha necesidade de aprendizaxe construtivo e participativo.

Tamen utilizaranse recursos Online: Webs interactivas e colaborativas, Wikis, Blogs, Redes Sociais, Youtube, etc.

Utilizaranse Recursos de MOS (web do Ministerio de Educación), así como directorios de partituras e música gravada. (Proxecto Biblioteca Internacional de Partituras Musicais) (IMSLP). <http://imslp.org/wiki>

Facilitarase información ao alumno sobre recursos web onde solucionar problemas de teoría a través da búsqueda en webs do tipo: <http://www.teoria.com>





7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

Dado o elevado número de concertos e actividades musicais programados no centro ao longo do curso, contéplase a posibilidade de asistir ás propostas de maior interese para o alumnado. Estas actividades de asistencia a concertos dentro do propio centro potencian moitos dos contidos intercurriculares que se presentan na programación, así como a vivencia da música dun xeito directo.

Ademais fomentárase a asistencia a algún concerto fora do centro como actividade extraescolar en colaboración coa vicedirección do conservatorio.

Asistencia e organización de cursos monográficos relacionados cos contidos.

8. Secuenciación do curso

Curso: 4º de Historia da Música

8.1 Obxectivos

- Identificar a terminoloxía característica das técnicas, estéticas e conceptos ideolóxicos definitorios do repertorio musical dos diferentes períodos da historia da música desde a antigüidade ata os inicios do período Barroco.
- Identificar as novidades estilísticas que se efectúan nos diversos xéneros musicais característicos de cada un destes períodos da historia da música.
- Realización de comentarios críticos de audicións e partituras sobre os rasgos técnicos propios dos diversos xéneros de cada un destes períodos da historia da música, tanto de música instrumental como vocal.
- Elaboración e análise de partituras, coa aplicación selectiva, razoada e crítica da metodoloxía analítica pertinente, en función da tipoloxía da obra musical e dos obxectivos estipulados: contextualización estilística, interrelación co repertorio contemporáneo e recepción de correntes estéticas e de pensamento.

8.2 Contidos

Quedan especificados en cada unidade.



PRIMEIRO TRIMESTRE

UD1. AS FONTES MUSICAIS COMO FERRAMENTA INDISPENSABLE PARA A HISTORIA DA MÚSICA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer o papel fundamental das fontes musicais á hora de elaborar a Historia da Música dende a Antigüedad ata a actualidade.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender o concepto de fonte musical
- Distinguir os diferentes tipos de fontes musicais: escritas, iconográficas e sonoras.

CONTIDOS

Conceptuais

- As fontes como ferramentas para narrar a Historia da Música
- Tipos de fontes: escritas, sonoras e iconográficas

Procedimentais

- Análise de diferentes tipos de fontes musicais
- Comentario sobre a problemática que entrañan algunhas fontes desde diferentes puntos de vista: estado de conservación, criterios estéticos, etc....

Actitudinais

- Valoración dos diferentes tipos de fontes musicais como ferramenta indispensable para unha correcta construción da Historia da Música.

UD 2: ORIXES DA HISTORIA DA MÚSICA OCCIDENTAL

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as suas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender que a música é a historia do home.
- Coñecer o contexto histórico-cultural e o significado da música na sociedade do mundo antigo.
- Coñecer e analizar, empreñando a audición con ou sen partitura, as principais



características da música e dos instrumentos desta época.

-Entender os conceptos derivados da teoría musical.

-Comprender a música como un arte relacionado cas demais, e como exponente dunha época, vistas as circunstancias sociais, culturais e políticas do seu período.

CONTIDOS

Conceptuais

-Antropoloxía. Arqueoloxía e prehistoria musical. O ser humano e o son. Música e etnoloxía.

-A música nas civilizacións do Oriente Próximo. Mesopotamia, Exipto e Palestina. Marco xeográfico e cultural. As fontes arqueolóxicas, iconográficas e escritas. Organoloxía. A música na sociedade.

-A música en Grecia. O período xeométrico, arcaico e clásico. As orixes da teoría musical. A notación musical grega. Organoloxía.

-A música en Roma.

Procedimentais

-Escoita activa, apoiada en partituras ou en outras representacións gráficas.

-Análisis de obras representativas do mundo antigo en canto ós seus elementos formais, melodía, ritmo, textura e harmonía

-Comentario das distintas características dos instrumentos musicais a través de láminas.

-Análise dos elementos teóricos da música grega sobre as seguintes pezas: o *Epitafio de Seikilos*, y *Orestes*, *Stasimon*, de Eurípides.

-Comentario sobre o significado da música na sociedade grega mediante textos escollidos dos poemas homéricos e doutros autores posteriores.

Actitudinais

-Valoración da obra musical como manifestación artística e exponente da sociedade no seu momento, considerando as demais artes así como as circunstancias históricas presentes.

-Valoración da importancia do son como expresión primigenia do ser humano.

-Valoración do aspecto expresivo das obras musicais do mundo antigo en relación coa súa finalidade.

-Gusto por coñecer o desenvolvemento tanto na organoloxía como na teoría e o proceso de creación musical.

UD 3: A LITURXIA CRISTIÁ PRIMITIVA. AS FAMILIAS LITÚRXCAS. O CANTO GREGORIANO

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer o contexto histórico no que se orixinaron os ritos occidentais.
- Comentar e diferenciar as características dos distintos ritos mediante a audición.
- Coñecer o proceso de creación, implantación e difusión do canto gregoriano e o seu contexto histórico.
- Analizar, empreñando como soportes materiais a audición e a partitura, as características de calquera peza gregoriana.
- Ler en notación cadrada.

CONTIDOS

Conceptuais

- A orixe do canto litúrxico en Occidente.
- As liturxias rexionais en Oriente. O canto bizantino.
- O canto das igrexas latinas: canto gálico, ambrosiano, mozárabe, beneventano e romano.
- O pensamento musical na igrexa primitiva. Os pais da igrexa. San Agustín. Boecio. Casiodoro.
- A difusión do canto gregoriano.
- Análise e función do canto gregoriano. Características xerais. Notación. O ritmo. Os modos eclesiásticos. Formas litúrxicas do repertorio gregoriano. O repertorio paralitúrxico: tropos, secuencias e drama litúrxico.
- O pensamento musical no entorno do canto gregoriano.

Procedimentais

- Deducción das principais características dos ritos occidentais a través de audicións.
- Audicións dalgúns fragmentos das diferentes liturxias rexionais e extraer conclusións comparativas.
- Relacionar a expresión musical destas composicións co pensamento estético do período.
- Análise de distintas pezas do repertorio gregoriano.
- Comparación de gravacións realizadas por coros de monxes coas realizadas por coros profesionais. -Estudio comparativo a través da audicións entre a música grega e a música relixiosa monódica.

Actitudinais

- Valoración do aspecto expresivo destes cantos en relación coa súa finalidade relixiosa.
- Respeto polas distintas formas na expresión musical dos ritos. -Gusto polas audicións en si mesmas.
- Concienciación sobre a importancia da música gregoriana como a máis importante manifestación musical no mundo occidental durante séculos e como a fonte directa da música culta.
- Valoración da importancia da *notación cadrada* como base da nosa notación actual.

UD 4: A MONODIA RELIXIOSA NON GREGORIANA E A MONODIA PROFANA NO MEDIEVO

OBXECTIVO XERAL

- Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer o contexto histórico e cultural no que xurde a poesía cantada desta época.
- Entender as formas poéticas e musicais da monodia profana medieval.
- Aprender a escoitar música deste período identificándoo fronte a outros estilos e explicar as súas características.
- Ser capaz de realizar unha aproximación analítica mediante partitura e audición da música trovadoresca.

CONTIDOS



Conceptuais

- Tropos, secuencias e dramas litúrxicos.
- Primeiras noticias. As cancións con texto en latín. O manuscrito de Cambridge e os Carmina Burana.
- Os trobadores. Xeracións e principais representantes. Tipos e formas da poesía trobadoresca segundo o contido. Formas poéticas e musicais dos trobadores. Os instrumentos.
- Os trobeiros. Xeracións e principais representantes. Antecedentes poéticos.
- As formas musicais: letanía, secuencia, himno, rondel (rondeaux, ballade e virelai).
- A difusión da monodia profana: os minnesingers. A canción monofónica en Italia: os laudes. As cantigas españolas e galaico-portuguesas.

Procedimentais

- Audicións comentadas, coa axuda do texto e/ou partitura, dos principais poetas-músicos da monodia profana medieval, sobre as formas da poesía e da música e demais elementos musicais como modalidade, ámbito, interválica, xiros melódicos, ritmo, etc
- Estudio comparativo entre as melodías gregorianas e o repertorio monódico profano de trobadores e trobeiros.
- Comparación mediante audicións do estilo musical dos trobadores co estilo das Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio e das Cantigas de Martín Codax e destas coas cantigas arábigo- andaluzas.
- Descrición, coa axuda de láminas (miniaturas das cantigas de Santa María) de tódolos instrumentos musicais.
- Recoñecemento dos instrumentos musicais visualizados nas gravacións empregadas.
- Comentario dalgún texto sobre as *vidas e razos* de trobadores e trobeiros e dalgún outro extraído do *Libro del Buen Amor* do Arcipreste de Hita.

Actitudinais

- Valoración do aspecto expresivo da lírica profana medieval en relación coa finalidade da súa composición.
- Concienciación da importancia da poesía cantada e moi especialmente en España.
- Gusto polas audicións, despertando o interese por coñecer o proceso creativo desta





música e dos instrumentos musicais.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

SEGUNDO TRIMESTRE

UD 5: O NACEMENTO DA POLIFONÍA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Comprender adecuadamente as primeiras formas de polifonía e o seu proceso de formación e desenvolvemento

-Identificar a través da audición e partitura estas formas musicais. -Recoñecer o contexto histórico e cultural no que xurde a polifonía. -Entender a finalidade desta música.

CONTIDOS

Conceptuais

-Orixe e razón do nacemento da polifonía.

-Descricións teóricas e exemplos das primeiras formas da polifonía primitiva: o *organum paralelo* e *paralelo modificado*.

-Evolución do organum cara o 1100: o *organum libre*.

-A Escola de San Martial de Limoges. Os estilos compositivos: factura de notas tenidas e factura de discanto.

Procedimentais

-Discriminación das diferentes formas de polifonía primitiva empregando os escasos exemplos que se conservan e as súas audicións.

-Estudio e análise dos estilos de organum do repertorio polifónico primitivo, a partir dalgunhas das súas pezas e a súa audición comentada.

-Discriminación das diferentes formas de polifonía do repertorio de San Marcial, empregando algúns dos exemplos que se conservan e as súas audicións.

Actitudinais



- Valoración da importancia para a música posterior destes primeiros pasos na polifonía.
- Toma de conciencia do cambio estético que experimenta a música neste intre. -Interese por coñecer o desenrolo polifónico nos seus inicios.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 6: ARS ANTIQUA: A ESCOLA DE NOTRE DAME

OBXECTIVO XERAL

- Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as suas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Explicar os principais cambios operados na música con respecto ó período de Notre Dame.
- Entender as características dos xéneros musicais, vogais e instrumentais, practicados no Ars Antiqua e distinguilos, empreñando como soporte a partitura e a audición.
- Coñecer ós principais músicos e teóricos deste período, así como o pensamento estético desta época.
- Coñecer os modos rítmicos e a notación modal.
- Aprender a escoitar música deste momento histórico identificándoa fronte a outros períodos.

CONTIDOS

Conceptuais

- O organum duplum. Leonin. O *Magnus Liber organi*.
- O organum triplum e quadruplum. As cláusulas de substitución. Perotin.
- A notación modal e os modos rítmicos.
- O conductus, motete.
- Da notación modal á notación mensural. Franco de Colonia.
- Procedementos compositivos: hoquetus, rondellus.
- Música instrumental.

-Compositores e teóricos do Ars Antiqua.

Procedimentais

-Comentario de textos relativos o período a estudar.

-Análise de determinadas pezas e audicións comentadas das mesmas.

-Análise das características da polifonía deste período empreñando a audición como base

-Comentario de textos relativos o período a estudar centrándose no pensamento estético.

Actitudinais

-Valoración do carácter secular que vai adquirindo a polifonía e as consecuencias estéticas que se derivan.

-Interese polo desenvolvemento dos xéneros e as complexidades rítmicas que adquire a música desta época.

-Gusto polas audicións desta música, valorando a súa expresión en relación co pensamento estético da época.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 7: ARS NOVA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as suas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Explicar os principais avances na música deste período con respecto ó Ars Antiqua.

-Discernir, con partitura e/ou audición, os motetes isorrítmicos respecto ós do Ars Antiqua.

-Comentar a partir da audición, os diferentes estilos da polifonía religiosa.

-Discernir, con partitura e/ou audición, as formas musicais cultivadas durante o século XIV en Italia e Francia.

CONTIDOS

Conceptuais

-As innovacións de Philippe de Vitry e Guillaume de Machaut.



- O motete isorrítmico.
- A canción de discanto.
- As formas fixas francesas: rondeau, ballade, virelai. A chace. As formas poéticas e musicais do Trecento italiano: o madrigal, a caccia e a ballata.
- A polifonía litúrxica do século XIV. Estilos de movementos polifónicos de misas. Principias misas. -Xeracións de compositores do Trecento italiano. Francesco Landini.
- O sistema de notación italiano.
- Fontes do Ars Nova.

Procedimentais

- Análise dos elementos característicos do Ars Nova (isorritmia, isoperiodicidade, etc..) empregando diferentes exemplos do período, coa audición e a partitura.
- Traballo con textos e audicións das formas fixas do Ars Nova francés e do Trecento italiano. -Audición comentada da *Misa de Notre Dame* de Machaut.
- Comentario dalgún texto onde se reflexe o pensar estético do Ars Nova.

Actitudinais

- Valoración do aspecto expresivo das obras do Ars Nova en relación coa finalidade da súa composición.
- Interese por coñecer o desenrolo do proceso compositivo no Ars Nova.
- Gusto pola audición de obras desta época, valorando a súa expresión en relación co pensamento estético.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

TERCEIRO TRIMESTRE

UD 8: CARACTERÍSTICAS XERAIS DO RENACEMENTO MUSICAL

OBXECTIVO XERAL

- Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Explicar os principais cambios experimentados a fins do século XIV na composición



musical.

-Aprender a escoitar a música deste momento identificando as súas características fronte a outros períodos.

-Coñecer as pautas desta música para saber comentar as características da música do Renacemento en xeral.

-Entender a finalidade xeral da música composta neste período en cada unha das súas formas.

CONTIDOS

Conceptuais

-O estilo de tendencia manierista de fins do século XIV.

-A complexidade rítmica da notación francesa.

-Algúns compositores dos manuscritos de Chantilly e Módena.

-O discanto inglés. O Manuscrito de Old Hall. Dunstable.

-O contexto histórico e a periodización das diferentes etapas do Renacemento.

-Renacemento e Humanismo.

- O Manierismo

-Características musicais xerais.

Procedimentais

-Discriminación auditiva de obras diversas deste período, comparadas con épocas anteriores.

-Análisis de partituras cos principais rasgos deste período no tocante á melodía, harmonía, forma, etc.

Actitudinais

-Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.

-Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música. -Gusto polas audicións da música deste período.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.





UD 9: A ESCOLA FRANCO-FLAMENCA

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Aprender a escoitar música deste momento identificando as súas principais características musicais.

-Entender a finalidade xeral da música composta neste período en cada unha das súas formas.

-Coñecer ós principais compositores e obras deste período concreto do Renacemento.

CONTIDOS

Conceptuais

-A primeira xeración de compositores franco-flamencos. Características. -Dufay e a misa cíclica. O motete. A chanson borgoñona.

-A notación mensural branca.

-Binchois e os últimos borgoñóns

-A segunda xeración de compositores. Características. Ockeghem. A misa, o motete, a chanson.

-Terceira xeración franco-flamenca. Características. Josquin des Prez Misas. Motetes. Chansons.

-A música italiana no primerio período renacentista: a frottola e outros cantos.

-Os inicios da imprenta musical.

Procedimentais

-Discriminación auditiva de obras deste estilo, comparadas con épocas anteriores.

-Análise de partituras cos principias rasgos deste período no tocante a melodía, harmonía, forma, etc.

- Relación, mediante diapositivas, a música do século XV coa arquitectura, pintura e escultura da mesma época.

-Comentario de textos onde se exprese o pensamento estético deste período.

Actitudinais



- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.
- Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música
- Gusto polas audicións da música deste período.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 10: A MÚSICA RENACENTISTA EN ITALIA, ALEMAÑA, FRANCIA E INGLATERRA.

OBXECTIVO XERAL

- Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Aprender a escoitar música deste momento identificando as súas principais características musicais.
- Saber comentar as características da música deste período.
- Entender a finalidade xeral da música composta neste período en cada unha das súas formas.
- Coñecer ós principais compositores e obras deste período concreto do Renacemento en Italia, Alemaña, Francia e Inglaterra.

CONTIDOS

Conceptuais

- As formas profanas renacentistas en Italia: villanela, frottola e madrigal.
- Diferentes escolas no renacemento relixioso: a veneciana e a romana.
- Principais características e compositores de a música renacentista en Alemaña, Francia e Inglaterra. Procedimentais

- Discriminación auditiva de obras deste estilo, comparadas con épocas anteriores.

Procedimentais

- Discriminación auditiva de obras deste estilo, comparadas con épocas anteriores.
- Análise de partituras cos principais rasgos deste período no tocante a melodía, harmonía,



forma, etc.

-Comentario de textos onde se exprese o pensamento estético deste período.

Actitudinais

-Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.

-Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música.

-Gusto polas audicións da música deste período.

-Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 11: A MÚSICA INSTRUMENTAL NO RENACEMENTO

OBXECTIVO XERAL

-Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

-Poder diferenciar a música instrumental e os instrumentos do século XVI da dos outros períodos. -Saber comentar as características principais da música instrumental do Renacemento.

-Coñecer as características principais da música instrumental e os instrumentos deste período.

CONTIDOS

Conceptuais

-Formas instrumentais do renacemento: ricercare, canzona, suite, tocata e variacións.

-Evolución dos instrumentos no renacemento.

-Características da música instrumental neste período.

Procedimentais

-Análise de partituras das distintas formas instrumentais, e a partir delas sacar conclusións dos rasgos máis característicos deste estilo.

- Comentario de textos que expresen o pensamento estético da época.

Actitudinais

- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.
- Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música.
- Gusto polas audicións da música deste período.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

UD 12: CARACTERÍSTICAS XERAIS DO BARROCO MUSICAL

OBXECTIVO XERAL

- Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as suas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Aprender a escoitar música deste momento identificando as súas principais características musicais.
- Saber comentar as características principais da música desta época.
- Coñecer as principais etapas do barroco, así como a evolución dos instrumentos musicais.

CONTIDOS

Conceptuais

- Diferencia entre as características xerais do renacemento e as do barroco.
- Etapas e estilos do barroco musical.
- Teoría musical no barroco.
- Organoloxía do barroco.

Procedimentais

- Conecer as innovacións do barroco musical a través das partituras e das audicións musicais.
- Visualizar a estética do periodo a través de fotografías e vídeos que exemplifiquen a arte e contexto histórico e estético do periodo.



Actitudinais

- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.
- Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música
- Gusto polas audicións da música deste período.
- Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando tamén o resto das artes así como as circunstancias históricas propias.

5º de HISTORIA DA MÚSICA

PRIMEIRO TRIMESTRE

UD 1: A MÚSICA VOCAL NO BARROCO

OBXECTIVO XERAL

- Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Aprender a escoitar música vocal deste momento identificando as súas principais características musicais.
- Saber diferenciar entre a ópera seria e a buffa, entre a ópera en Francia, en Inglaterra, Alemaña e Italia, a través da audición e a comprensión das diferentes características.
- Coñecer ós principais compositores e obras do barroco.
- Comprender as diferencias entre a música relixiosa nos países católicos e nos da órbita protestante. -Diferenciar as grandes formas relixiosas: cantata, oratorio e pasión.

CONTIDOS

Conceptuais

- Principais compositores e obras deste período.
- Formas vogais nos diferentes nas diferentes etapas do barroco.
- Formas da música relixiosa: oratorio, cantata e pasión.
- Ópera nos distintos países: Italia (seria y buffa), Alemaña, Inglaterra e Francia.



Procedimentais

- Discriminación auditiva de obras dos diferentes estilos barrocos, diferenciando as peculiaridades que se dan nos diversos países onde se desenrola a ópera e a música relixiosa.
- Análise de partituras cos principais rasgos deste período no tocante a melodía, harmonía, forma, etc.
- Relación, mediante diapositivas, a música do barroco coa arquitectura, pintura e escultura da mesma época.
- Comentario de textos onde se exprese o pensamento estético deste período.

Actitudinais

- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nesta época.
- Valoración das distintas premisas estéticas de cada momento ó longo da historia da música. -Gusto polas audicións da música deste período.

UD 2: A MÚSICA INSTRUMENTAL NO BARROCO

OBXECTIVO XERAL

- Coñecer os elementos básicos das diferentes linguaxes musicais, as suas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

